

# BOLETÍN APOEGAL

Boletín Dixital da Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia

Nº 1 – XUÑO 2005



**A Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL)  
constitúese no ano 2004 co obxectivo de defender e promover  
a Orientación Educativa en tódalas súas vertentes**

# Índice de contidos

<b>Actualidade de A.P.O.E.G.A.L.</b>	<b>3</b>
<b>Novas da C.O.P.O.E.</b>	<b>9</b>
<b>Libros</b>	<b>11</b>
<b>Cursos de verán</b>	<b>13</b>
<b>Contacta con nós</b>	<b>15</b>

## Os orientadores educativos de Galicia crean unha asociación profesional

---

A Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia, APOEGAL, constituíuse formalmente o 26 de novembro de 2004, nunha xornada na que representantes das catro provincias decidiron aprobar o seus estatutos e inaugurar así unha nova páxina na historia da orientación da comunidade galega.

Esta acción responde a unha demanda do propio colectivo, que dende fai xa algún tempo detectou a necesidade de aglutinar esforzos e coordinar actuacións de cara a optimizar o funcionamento dos Departamentos de Orientación distribuídos polos diferentes puntos da xeografía galega.

APOEGAL nace cunha idea clara: defender e promover a Orientación Educativa en tódalas súas vertentes. Ademais, tamén son fins da asociación:

- A defensa dos intereses dos seus asociados/as.
- A formación dos seus integrantes mediante a organización de congresos, cursos, seminarios, xornadas, conferencias, etc... tanto de xeito presencial coma "on line", con fins pedagóxicos.
- A contribución á formación doutros colectivos dende a perspectiva da Orientación Educativa.
- Intercambio de experiencias profesionais entre os seus asociados/as.
- A aproximación dos/as asociados/as ás novas tecnoloxías e a súa utilización nas tarefas profesionais, para a formación, a comunicación e o intercambio...
- A edición de boletíns e/ou revistas informativas ou técnicas que contribúan á divulgación do coñecemento propio destas áreas xa sexan impresas ou en formato electrónico.
- A aportación, tanto ás Administracións Públicas como a Institucións doutro carácter que se estime conveniente, dende o punto de vista técnico respecto a proxectos ou iniciativas que teñan que ver con este campo do coñecemento.
- A colaboración con asociacións, organizacións e institucións de diversa índole: Universidades, ONGs, CEFORES,...
- A contribución e aposta pola educación de calidade e a diversidade para tod@s.
- O asesoramento ós/ás afiliados/as.

Co convencemento de que internet debe servir de nexo de unión cotiá entre os orientadores/as educativos/as galegos/as, e destes co resto de análogos colectivos españois e doutros países, APOEGAL ten a intención de desenvolver unha plataforma de comunicación virtual que o faga posible.

Por outra banda, na Asemblea constituínte a Xunta Directiva quedou configurada como segue :

- PRESIDENTE : José Luis Dieguez Rubial
- VICEPRESIDENTE : Carlos Malvar Rodríguez
- SECRETARIA : Gema Isabel Castro Pico
- TESOUREIRA : Dolores Fernández Pérez
- VOCALIA DE COMUNICACIÓNS E PUBLICACIÓNS : Ana Torres Jack
- VOCALIA DE FORMACIÓN: Juan Luis Rodríguez Rodríguez
- VOCALIA DE RECURSOS :Nieves Rodríguez Vázquez
- VOCALIA DE ASESORÍA: Luis Alberto Varela Pérez
- VOCALIA DE COMUNICACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS: José Antonio Sarmiento

## **APOEGAL celebra a súa primeira Asemblea**

---

A penas tres meses despois da constitución oficial da asociación, APOEGAL reunía o pasado 26 de febreiro a medio centenar de profesionais das catro provincias en Santiago de Compostela, nunha xornada marcada pola adversidade meteorolóxica: moita neve e estradas cortadas converteron en “heroes” aos socios que se achegaron á cita.

A asociación celebraba así a súa primeira Asemblea Ordinaria, na que quedou en evidencia o interese destes profesionais por traballar pola orientación en Galicia.

Organizar Encontros, propoñer proxectos de colaboración á Consellería de Educación, reivindicar necesidades, ou publicar folletos informativos son algúns dos obxectivos plantexados pola Xunta Directiva para estes primeiros anos de andadura.

Tamén formáronse cinco grupos de traballo, coordinados cada un deles polo vocal correspondente, que quedaron constituídos da seguinte forma:

Comisión Asesora :

Luis Alberto Varela Pérez  
Chefa Lorenzo  
Carmen Garabal Gómez  
Ana Álvarez Becerra  
Elena De Miguel Palacios  
Begoña Otero Riobó  
Nila García González  
Antonia Fernández Pena  
Consuelo García Álvarez

Comisión de Recursos :

Nieves Rodríguez Vázquez  
Elena Carrera Muiños  
Ana Herrero Prieto  
María Rúa Blanco  
Josefina Vences

Comisión de Publicacións :

Ana Torres Jack  
Eduardo Ares Vieito  
Mercedes Vázquez Vázquez  
Mónica Pérez Mouriño  
Esther Núñez Pintos  
Susana Blanco Baluja  
Consuelo García Álvarez

Comisión de Novas Tecnoloxías :

José Antonio Sarmiento Campos  
Regino Garrido Figueiras  
Camilo Varela Blanco Padrenda  
Jorge Pérez Dieguez  
Daniel Veiga Martínez

Comisión de Formación :

Juan Luis Rodríguez Rodríguez.  
Pablo Rodríguez Álvarez.  
Ramón Antonio Feijoo Pérez.

## A Asemblea en imaxes



A pesar de que as condicións climatolóxicas non acompañaron, moitos socios de APOEGAL fixeron o esforzo para acudir a cita e apoiar ao proxecto coa súa presenza.



De esquerda a dereita, os membros da directiva: Nieves, Lola, Gema, Ana, José Luis, Luis, José Antonio e Juan Luis (falta Carlos, que ese día non puido asistir).



Ao chegar ao último punto de Rogos e Preguntas, os asistentes plantexaron as súas preocupacións, puntos de vista e propostas en relación coa orientación en Galicia.



O Salón de Actos da Galería Sargadelos, situada na rúa do Vilar de Santiago de Compostela, foi o escenario perfecto para esta primeira Asemblea da asociación.

# Primeiros contactos coa Administración

---

O pasado 22 de abril, APOEGAL entrevistouse co Director Xeral de Centros e Ordenación Educativa, Alberto González Armesto. O obxectivo era triple: darse a coñecer á Administración Educativa, presentar as reivindicacións do colectivo e propoñer liñas de colaboración.

Á cita acudiron como representantes da Xunta Directiva o presidente, José Luís Diéguez Ruibal, e a vocal de Comunicacóns, Ana Torres Jack.

Na reunión, que durou uns 30 minutos e desenvolveuse nun ton cordial, abordáronse os seguintes puntos:

- Disposición a colaborar coa Administración en tódolos aspectos relacionados coa Orientación Educativa: asesoramento, publicacións conxuntas, formación...

-No que se refire á posible financiación e patrocinio de cursos de formación informounos de que deberíamos falar este tema coa Directora Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, María Luísa Castro Casas, á que deberíamos presentar as nosas propostas.

-En canto á posibilidade de financiar un folleto acerca dos Departamentos de Orientación dirixido aos pais (proposta feita na Asemblea por parte da Comisión de Publicacións) comentou que podería ser posible dentro da colección Orientacións e Respostas Educativas da Consellería de Educación (editaron un acerca do alumnado con sobredotación intelectual). Quedou en informarnos máis adiante da posibilidade de levar a proposta a cabo.

- Comentóuselle as principais preocupacións do colectivo de orientadores: a categorización dos postos de traballo dos orientadores de Primaria, a adscrición ós centros e a necesidade de dotar de máis dun orientador ós centros que o necesitan (macrocentros, CPIs con moito alumnado ou centros con Ensinanzas de Adultos, por exemplo). Quedamos en enviarlle/presentarlle un documento acerca da situación da Orientación Educativa en Galicia con propostas de mellora e reivindicacións que prometeu estudialo con detenimento.

Ante a cuestión de cales son as intencións da Consellería no futuro en relación ós Departamentos de Orientación, a resposta foi que a corto prazo sómente tiñan intencións de modificar a adscrición ós centros no senso de mellorar a situación, aínda que non ofreceu datos concretos. Tamén dixo que nestes intres a Consellería de Educación, ó igual que resto do goberno galego, estaba pendente do resultado das eleccións autonómicas para deseñar calquera acción.

A.P.O.E.G.A.L., a través da comisión asesora e recollendo as ideas dalgúns/as socios/as, elaborou un pequeno documento de análise no contexto do debate en torno ó anteproxecto da Lei Orgánica de Educación, co fin de realizar as aportacións que considera oportunas ó futuro texto legal.

O contido completo do texto foi remitido ó M.E.C. e poderá ser consultado en breve na páxina web da propia asociación que aínda está en construción.

As cuestións plantexadas fan especial fincapé nos seguintes aspectos:

- Título preeliminar: A organización das ensinanzas e o aprendizaxe ó longo da vida.
- Título I: As ensinanzas e a súa ordenación: Educación infantil, Educación primaria, Educación secundaria obrigatoria, Bachillerato, Educación de persoas adultas.
- Título II: Equidade na educación: Alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
- Título V. Participación, autonomía e goberno dos centros: Participación no funcionamento e o goberno dos centros.

## ¿Quen quere botar unha man?

---

Aproveitamos dende este boletín para pedir a tódolos socios e socias (¡xa somos 80!) colaboración naqueles temas cos que estean máis adoitados a traballar (informática, materiais educativos, publicacións,...) ou lles apeteza botar unha man de cara a empuxar desta asociación que aínda está dando os seus primeiros pasos. Non se trata de roubar tempo ao Departamento de Orientación, nin moito menos ao noso tempo libre ou as nosas familias. A través das novas tecnoloxías (correo electrónico, páxina web) un pode traballar a ratos sen restar tempo ás outras actividades da nosa vida cotiá.

Por exemplo, gracias a comisión de Novas Tecnoloxías, en breve a páxina web de APOEGAL será unha realidade. Aínda que encóntrase en pleno proceso de construción, a páxina acollerá as noticias, materiais e actividades da asociación.

Se aínda non estás nun grupo de traballo, estás a tempo de apuntarte. Só tes que comentalo a través da nosa dirección de correo: [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es)

E seguro que, entre todos e todas, o faremos moito mellor.



## Miles de orientadores españois organízanse nunha confederación

---

O pasado 12 de marzo constituíse oficialmente a Confederación de Asociaciones de Psicopedagogía y Orientación de España, C.O.P.O.E., da que APOEGAL forma parte (tal e como se decidiu na Asamblea constituínte) xunto a outras 16 organizacións profesionais.

En dita reunión, celebrada en Madrid, participaron como representantes de APOEGAL Gema Castro Pico, Secretaria da asociación, e Ana Torres Jack, vocal de Comunicación e Publicacións. Os acordos acadados están recollidos na acta que vos axuntamos no seu momento, aínda que calquera persoa interesada en recibila de novo, así como en acadar os estatutos ou o Regramento da Confederación, pode solicitalo a través do correo [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es).

A COPOE integra a orientadores, psicopedagogos, psicólogos educativos e pedagogos que exercen a súa función no ámbito educativo, laboral ou empresarial do sector público e privado, o que supón aglutinar a máis de 8.000 profesionais pertencentes ás diferentes Comunidades Autónomas.

As asociacións que conforman a COPOE son: Asociación Aragonesa De Psicopedagogía (AAP), Asociación del Profesorado De Psicología Y Pedagogía de la Región De Murcia , Associació D´Orientadors i Orientadores De Les Illes Balears (AOIB) , Asociación Profesional de Orientación Educativa De Galicia (APOEGAL) , Asociacion Profesional De Orientadores en Andalucía (APOAN), Asociación Profesional de Orientadores en Extremadura (APOEX) , Asociación Valenciana de Orientación y Psicopedagogía (AVOP):, Sección de Pedagogía y Psicopedagogía del Colegio Oficial De Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias De Granada, Jaén y Almería. (Sepepsi), Asociación de Profesionales de La Orientación de La Rioja. (APOLAR), Asociación de Psicopedagogía de La Universitat Oberta De Catalunya (APUOC), Asociación Profesional de Orientadores En Castilla – La Mancha (APOCLAM), Asociación Española de Orientación y Psicopedagogía (AEOP), Asociación de Orientadores de Educación Secundaria de Granada (ASOSGRA), Asociación de Psicopedagogía de Euskadi (APSIDE), Asociación Castellano Leonesa de Psicología y Pedagogía (Aclpp), Asociación Canaria de Orientación y Psicopedagogía (ACOP), Asociación Madrileña de Orientación y Psicopedagogía. (AMOP).

# Obxectivo: a defensa da orientación

---

En definitiva, a Confederación de Organizaciones de Psicopedagogía y Orientación de España ten como fins, sen perxuício dos propios de cada organización, e según recollen os seus Estatutos (literal en castelán), os seguintes:

- 1. Promover las relaciones entre las diferentes Organizaciones componentes así como la cooperación, promoción y defensa de sus intereses. Y las relaciones con otras Organizaciones del Estado Español o Internacionales que persigan idénticos fines, para el intercambio de información y experiencias, y el perfeccionamiento y progreso recíprocos*
- 2. Facilitar, asesorar y apoyar iniciativas dirigidas a la creación de otras nuevas Organizaciones en el contexto de la orientación y la psicopedagogía.*
- 3. Representar los intereses, fines y posicionamientos de las organizaciones, que componen la confederación, ante organismos, instituciones y organizaciones nacionales e internacionales.*
- 4. Establecer relaciones con otras organizaciones y entidades afines de España y del extranjero.*
- 5. Sensibilizar a la sociedad de la importancia de las funciones de la orientación, la consulta y la investigación para el desarrollo integral de las personas en general y de poblaciones desfavorecidas, por razón de edad, género, etnia o situación social, en particular.*
- 6. Abrir vías de intervención que den respuesta a las nuevas necesidades de inclusión y ajuste social y personal, provocadas por la sucesión de acelerados cambios socioeconómicos y culturales en el mundo.*
- 7. Promover la formación permanente de los miembros de las organizaciones componentes de la confederación.*
- 8. Organizar y desarrollar reuniones científicas y formativas.*
- 9. Promover la intercomunicación entre las organizaciones asociadas.*
- 10. Publicar y difundir, entre las organizaciones confederadas y a la sociedad, la documentación relativa a las actividades desarrolladas.*

Todos aqueles interesados poden visitar a páxina web [www.copoe.org](http://www.copoe.org) e darse de alta para poder participar coas súas opinións, ideas e propostas.

Por último, a C.O.P.O.E. promoverá o II Encontro Nacional de Orientadores, que se celebrará en Mérida do 6 ao 8 de decembro e que servirá para consolidar os cementos da recién estreada confederación. Podedes obter máis información na dirección <http://www.apoex.net/encuentro/index.htm>



**LIBROS de contido "útil e lixeiro" para ler na praia ou na montaña.**

## ***NO SE LO DIGAS A MIS PADRES***

**De Pilar Guembe y Carlos Goñi.**  
**Editorial Ariel.**

Os autores reproducen 31 conversacións con adolescentes, enmarcándoas no seu contexto: drogas, perigos de internet, agresividade, anorexia, divorcio dos pais, suicidio, embarazos, relacións sexuais, orientación profesional...e engaden algunhas pautas que poidan servir tanto para previr como para corrixir situacións semellantes ás que aquí se plantexan.

Un libro para coñecer, comprender e educar ós adolescentes.

## ***LOGRAR BUENAS NOTAS CON APENAS ANSIEDAD*** **Guía básica para sobrevivir a los exámenes**

**De Kevin Flanagan.**  
**Ed. Desclée De Brouwer.**

Un libro que pretende ser unha guía para as familias, para os titores e para o profesorado que queira acompañar os fillos ou os alumnos na tarefa de aprender intelixentemente, e sobre todo, á hora de preparar os exames.

## **CURACIÓN EMOCIONAL**

**De David Servan-Schreiber.**  
**Ed. Kairós**

Un libro de autoaxuda para acabar co estrés, a ansiedade e a depresión ( mesmo dos orientadores e orientadoras).

O autor presenta sete métodos de curación: superación de traumas por medio de movementos oculares, control do estrés mediante técnicas de respiración, terapia a través da simulación do amencer natural, acupuntura, inxestión de graxas “boas” que renovan as células do cerebro, exercicio físico e terapia a través da afectividade. Sete vías que permitirán segundo Servan-Schreiber deixar de ser un extrano para un mesmo... e para os demais.

## **HIJOS DESAFIANTES Y REBELDES**

**Consejos para recuperar el afecto y lograr una mejor relación con su hijo**

**Russell A. Barkley /Christine M. Benton**  
**Ed. Paidós.Guías para padres.**

Segundo os autores do libro é o resultado de máis de vinte anos de práctica clínica e de investigación sobre os problemas relacionados coas condutas impulsivas, hiperactivas, desatentas e desafiantes.

Na primeira parte do libro Barkley explica qué causa esas condutas, cando se converte nun problema e cómo pode resolverse. A segunda parte é un programa para as familias cunha duración de 8 semanas. Dividido en 8 pasos basease na correcta aplicación dun sistema de eloxios, recompensas e castigos.

***E para ler nos últimos días de agosto, antes de comezar o curso 2005/2006...***

## **PEDAGOGÍA DEL OPTIMISMO**

**Guía para lograr ambientes positivos y estimulantes**

**Autores: H. A. Marujo, L. M. Neto, M<sup>a</sup> F. Perloiro**  
**Ed. Narcea.**

Os autores profesores da Facultade de Psicoloxía e Ciencias da Educación da Universidade de Lisboa presentan un libro no que, ademais de mostrar esceas nas que tanto o profesorado como o alumnado se ven reflectidos, ofrecen unha serie de exercicios moi útiles para caer na conta da forma en que se encaran os problemas escolares habituais e o mellor xeito de aceptalos.

Os autores expoñen a importancia dos distintos sentimentos que rodean ó optimismo-como son a autoestima e o autocontrol-, as súas razóns e motivacións, os factores que concorren para destruílo e o xeito en que unha aptitude optimista é capaz de mellorar o clima da clase e facer dos alumnos e profesores persoas máis felices e con máis desexos de vivir.

## UNIVERSIDAD DE GRANADA

---

Cursiño: Desde el Ruido al Silencio. Intervención en trastornos de Infancia y Adolescencia.

Datas: Do 18 ó 22 de xullo.

Para máis información: [www.ugr.es](http://www.ugr.es)

## UNIVERSIDAD DE SALAMANCA

---

Cursiño: Problemas escolares.

Lugar Benavente (Zamora)

Datas: Do 18 ó 22 de xullo.

Para máis información: [www.usal.es/cverano](http://www.usal.es/cverano)

## UNIVERSIDAD DE OVIEDO

---

Cursiño: Enseñanza de niños con autismo, síndrome de Asperger y otros trastornos generalizados del desarrollo.

Datas:: Do 4 ó 8 de xullo.

Para máis información: [www.uniovi.es](http://www.uniovi.es)

## UNIVERSIDAD DEL PAÍS VASCO

---

Cursiños:

- Del aprendizaje de contenidos a la adquisición de competencias. Datas: 29/31 agosto.
- Desarrollo de habilidades para la vida. 1 e 2 de setembro.
- Retraimiento social y agresividad entre escolares. 11/13 de xullo.

Para máis información: [www.ehu.es](http://www.ehu.es)

## UNIVERSIDAD DE GRANADA

---

Cursiños:

- Realidad, funciones y retos actuales de los orientadores y orientadoras en los centros educativos.

Datas: do 7 ó 11 de xullo.

- Educación en valores para la prevención y resolución de conflictos y mejora de la convivencia escolar.

Datas: do 21 ó 25 de xullo.

## UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUC. A DISTANCIA-UNED

---

Cursiño: La convivencia en los centros educativos.

Lugar: Alcalá la Real. Datas: Do 4 ó 8 de xullo.

Cursiño: Prácticas escolares para la mejora de la convivencia escolar.

Lugar: Olvera-Cádiz. Datas: Do 13 ó 15 de xullo.

Cursiño: Eficacia escolar y atención a la diversidad en los centros educativos.

Lugar: Denia. Datas: Do 11 ó 15 de xullo.

Máis información: [www.apliweb.uned.es/cverano](http://www.apliweb.uned.es/cverano).

## UNIVERSIDAD DE ZARAGOZA

---

Cursiño: La comunicación verbal y no verbal en la relación docente-discente.

Lugar: Jaca

Datas: 25,26,27,28 e 29 de xullo.

Para máis información: [www.unizar.es/cursosdeverano](http://www.unizar.es/cursosdeverano)

## CURSOS EN UNIVERSIDADES PORTUGUESAS

---

e-mail: [cursosverao@aurun.pt](mailto:cursosverao@aurun.pt). Teléfono: (+351) 226 153 280

# Contacta con nós

Se aínda non es socio, podes solicitarnos información e a folla de inscrición á dirección electrónica que aparece máis abaixo.

Se polo contrario xa es socio, entónces xa saberás que podes poñerte en contacto con nós para o que necesites:

## **Asoiación Profesional de Orientación Educativa de Galicia**

Correo electrónico: [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es)

# Envío de artigos, notas, etc.

Agradécese o envío de notas, noticias e todo tipo de información relacionado coa orientación educativa para ser publicado neste boletín virtual, que de momento nace coa intención de editarse tres veces ó ano.

Podedes mandalo á dirección de correo [anatjack@edu.xunta.es](mailto:anatjack@edu.xunta.es)

## **Este boletín foi elaborado polo Grupo de Traballo de Publicacións**

---

Ana Torres Jack (Coordinación y Textos)

Eduardo Ares Vieito (Textos)

Mónica Pérez Mouriño

Esther Núñez Pintos

Consuelo García Álvarez

Susana Blanco Baluja

Mercedes Vázquez Vázquez